

COMISIÓN ACADÉMICA DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE VIGO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 3 DE XULLO DE 2017

Apróbase por asentimento¹:

- a) As actas das reunións anteriores.
- b) As guías docentes, salvo, provisionalmente, “Deontoloxía, organización profesional e quenda de oficio”.
- c) Propoñer aos profesores da materia “Deontoloxía, organización profesional e quenda de oficio” que revisen a sistemática dos contidos da guía docente e eviten duplicidades, delegando na coordinadora a aprobación desa guía.
- d) O Plan e o cronograma da materia Prácticas Externas para o curso 2017/2018, delegando no Coordinador profesional as posibles novas incorporacións profesionais.
- e) O calendario de actividades docentes (incluíndo a aprobación da Xornada de Acollida) e delégase na coordinadora a posibilidade de introducir modificacións por causas xustificadas.
- f) Os horarios do Mestrado universitario en Avogacía para o curso 2017/2018.
- g) O calendario de exames do Mestrado universitario en Avogacía para o curso 2017/2018, e delégase na Coordinadora as posibles modificacións por causas xustificadas.
- h) Que o persoal de administración e servizos do Negociado de apoio a centros e departamentos se encargue dos cálculos e estadísticas das enquisas internas.
- i) Enviar este ano os resultados das enquisas aos coordinadores de materia coa finalidade de que os remitan aos demais docentes das referidas materias.

Ourense, 4 de xullo de 2017



Prof. Dr. Roberto O. Bustillo Bolado

SECRETARIO DA COMISIÓN ACADÉMICA
Máster universitario en Avogacía
Facultade de Dereito

Universidade de Vigo

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Académica do Mestrado Universitario en Avogacía, celebrada o día 3 de xullo de 2017, publicáronse oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 4 de xullo de 2017.



Concepción Martínez Martínez
Xefa de Negociado de Asuntos Xerais da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría da Comisión Académica do Mestrado (despacho núm.4-1, 3º andar).